



**DISCURSO DO PORTAVOZ NACIONAL
DÍA DA PATRIA GALEGA
25/07/2010**

- Compañeiros e compañeiras
- Amigos e amigas
- Delegacións convidadas

Bo Día da Patria Galega!

Grazas, de corazón, por estardes aquí, facendo valer a vosa forza. Coa vosa presenza facedes verdade que SI hai alternativa, SI hai esperanza, SI hai nación!

Permitídemme un saúdo especial para Galiza Nova. Hai nación ou non hai nación? Hai nación!

Estamos aquí proclamando o noso orgullo de sermos galegas e galegos.

Afirmando como o teñen feito e seguen a facer miles de persoas que temos idioma, que QUEREMOS GALEGO!

Si señor Feijóo: escoite QUEREMOS GALEGO!

Estamos aquí expresando a nosa vontade de ser nación. Nación a secas, sen apelidos.

Estamos aquí defendendo a Patria Galega que queremos construír: con Democracia, con Autogoberno, con Benestar Social

Afirmaba Castelao o seguinte:

Galiza só merecerá respecto cando abandonemos a nosa mansedume, despois de saber o que fomos, o que deixamos de ser e o que seríamos con vida independente.

E eu digo que tiña razón. Nin no pasado nin hoxe teñen solución os nosos históricos problemas no marco do Estado centralista. Galiza só terá futuro se ten capacidade real de autogobernarse. Só se fará respectar cando decida comportarse como nación.

Compañeiros e compañeiras

Vivimos tempos complicados. Temos que desenvolver o noso proxecto político, no marco dunha crise xeral. Unha crise do propio sistema:

Unha profunda crise

Económica,

Social,

Política

ou Xudicial

Crise do Pensamento libre,

Crise da propia Democracia.

A crise económica que nos toca vivir ten causas e ten responsábeis. É a consecuencia práctica da aplicación dos dogmas do neoliberalismo. Da aplicación dun modelo globalizado, onde o capital financeiro ten todos os dereitos, sen control público algún. Un modelo onde o negocio é a única máxima, onde a xente non importa nada; a xente é usada coma calquera outra mercadoría para garantir o beneficio.

Un modelo que arrasa ambientalmente o planeta, impide as economías autocentradas, concentra o poder cada vez en menos mans, pon contra as cordas ás pemes, aos autónomos, aos asalariados. Un modelo onde os centros de decisión están cada vez máis lonxe de nós.

Un modelo que a finais de 2007 se veu abaixo dando lugar á maior crise económica e financeira da nosa historia recente. Ás elites entroulles o pánico. Sarkozy chegou a falar de refundar o capitalismo. Por momentos abandonaron a Adam Smith e Milton Friedman e viraron keynesianos. Volveron botar man do Estado para que se fixese cargo das débedas. Unha paréntese na economía do mercado, como solicitaba o sr. presidente da CEOE. Os gobernos saquearon o erario público e converteron as débedas privadas en débedas de todos. Outra vez a vella historia: as perdas son de todos, os beneficios, NON.

Pasado o susto, pasada a paréntese, volta ás orixes.

Ante a crise ocasionada pola doutrina neoliberal, MÁIS NEOLIBERALISMO. O FMI ou Alemaña en Europa ordenan volver á ortodoxia. Todos os gobernos, conservadores ou socialdemócratas, obedecen. O déficit público hai que reduci-lo. O capital financeiro ao seu: é máis rendíbel mercar bonos que fomentar a produción. Constrúen unha nova burbulla, esta vez, a burbulla da débeda pública. Unha auténtica bomba de relojería. O temporizador na conta atrás. Só falta saber cando estoupará.

Neste contexto de claudicación ante a especulación financeira, ante a ditadura dos mercados, o Goberno do señor Zapatero pon en marcha unha brutal política de axuste. Xa nin oculta que o fai para ter contentos aos especuladores. Renuncia a gobernar para a xente, prefire gobernar para o Deuschtbank.

Xira á dereita, di, “para tranquilizar aos mercados”. Por certo, por canto tempo? Debería saber o señor Zapatero que a fera, e o capital especulativo o é, non se amansa dándolle de comer. Só se a metemos en cintura, só se a domesticamos, seremos quen de amansala. Dándolle de comer simplemente engorda.

Recortes de salarios, despedimentos máis baratos, retallamento das pensións, suba do IVE, redución do gasto produtivo, privatización de todo o privatizábel, incluídas as caixas de aforro...Son as receitas. Seica as únicas posíbeis. Medidas valentes, afirman analistas ben pagados.

Que terá de valente cargar as consecuencias da crise sobre os débiles? Sobre o medo das traballadoras e traballadores a perderen o emprego? Sobre os pensionistas ou sobre os autónomos? Que terá de valente aplicar medidas contra os máis débiles ao tempo que

se rende pleitesía aos poderosos?

Valente sería aplicar medidas coma as que propón o Bloque Nacionalista Galego:

-Plantarse fronte aos especuladores e impulsar medidas de control público do capital financeiro

-Controlar a fraude fiscal

- Acabar cos paraísos fiscais onde agochan miles de millóns aqueles que non aportan nada ao erario público

-Reformar a fiscalidade facendo que pague máis quen máis ten.

-Defender os dereitos laborais

-Pór en marcha unha Banca Pública que facilite o crédito que as pemes non conseguen da Banca Privada

-Diminuír o gasto improdutivo, a empezar polo gasto militar, e retirar así as tropas de Afganistán.

Valente sería honrar a palabra dada e gobernar en función dos intereses da maioría social, no canto de pregarse aos intereses desa minoría egoísta e antisocial.

A mesma valentía que exhibe o sr. Rajoy, e o PP. Un PP incapaz de formular unha soa alternativa. Certo é que o veloz xiro á dereita do Goberno Zapatero o deixa sen programa económico.

Pero non menos certo é que don Mariano é incapaz de formular proposta algunha por que simplemente está de acordo.

Hai poucos días, no último debate sobre a política xeral do Estado, puidémolo comprobar.

Propostas diferentes? Non.

Pois ben: nin moción de censura nin eleccións anticipadas. Máis simple: Goberno de Coalición. Ese goberno que xa existe na sombra, que emerxa á superficie. O demais é confundir o teatro coa política.

Un debate que evidenciou máis unha vez que os problemas e as necesidades de Galiza só teñen un único valedor, o BNG, a través do noso deputado Paco Jorquera. Paco e Olaia e o senador Pérez Bouza foron quen nos representaron. Ninguén máis. Eles amosaron a utilidade política do BNG para este País facendo propostas e esixindo solucións. A reforma do lesivo decreto do carbón ou a esixencia de levantamento do veto á construción naval civil, non atoparon apoio nin no PSOE nin no PP. Máis unha vez traizón a Galiza, nin máis nin menos.

Tanta utilidade a do BNG como inutilidade amosa o señor Núñez Feijóo á fronte do Goberno galego.

Hoxe é unha evidencia que o sr. Feijóo, lonxe de ser a solución, estase a converter nun problema para Galiza.

FEIJÓO ESTÁSE A CONVERTER NUN PROBLEMA PARA GALIZA.

É O PROBLEMA PARA ATOPAR UNHA SAÍDA XUSTA Á CRISE. É O PROBLEMA PARA QUE O PAÍS POIDA AVANZAR CARA AO ESTATUS INSTITUCIONAL QUE MERECE.

Un ano e medio en Monte Pío para:

Promover o Decretazo contra o noso idioma,
Impedir as seleccións deportivas galegas,
Abandonar a promoción da cultura galega,
Demoler o sistema galego de benestar,
Privatizar a sanidade pública
Promover unha lei do solo para amnistiar aos infractores,
Ou poñer as bases para efectivizar un mega pelletazo eólico,

Un ano e medio en Monte Pío para ver, sen mover un músculo, como desaparece o sector lácteo ou como miles de galegos/as engrosan as listas do paro.

Amigos e amigas,

O sr. Feijó non asume ningunha responsabilidade: a culpa sempre é de outros.

Mais sr. Presidente Si ten responsabilidade cos parados e paradas. Ten a responsabilidade de garantir o benestar dos galegos/as. Faga uso das competencias das que dispón no Estatuto. E si ve que non son abondo, Estatuto de Nación, sr. Feijó!

Suspense en xestión, sr. Feijó ! Como suspende na defensa dos intereses xerais de Galiza.

Que durante a Presidencia semestral da UE o sector naval, o lácteo, o da pesca son esquecidos? Pois nin PÍO en Monte Pío,

Que se está a incumprir clamorosamente polo ministro Blanco o pacto do Obradoiro? Pois en Monte Pío nin PÍO.

Que o goberno de Madrid fai un decreto do carbón que prexudica a Galiza? Nin Pío en Monte Pío!

Que Madrid fai unha Lei de Caixas para privatizalas? Pois en Monte Pío, nin PÍO!

¡Suspense! E a estas alturas, sen posíbel recuperación en setembro.

Sr. Presidente, os problemas do noso país, da nosa xente non se resolverán evitando enfrontarse a eles nin engurrándose diante do Goberno central.

E iso é o que vostede fai en lugar de gobernar. Saia dunha vez del DESVÁN DE LOS MONJES no que está agochado e pónase a obra, cada día quédalle menos tempo.

Sr. Presidente: o único acerto político que tivo nun ano foi cando, aínda que parcialmente, fixo caso das propostas do BNG.

Foi o BNG quen ergueu a defensa dun modelo de caixas, con centro de decisión aquí, e ao servizo da economía galega. Foi o BNG quen impulsou a nova Lei de Caixas.

Sr. Feijóo, a pesar das afirmacións dos seus dóciles propagandistas, atreveuse até onde se atreveu. Máis ben pouco. En vez de enfrontar o recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno central -como demandou o BNG-, empantanouse nunha patética negociación; en vez de aplicar a Lei Galega de caixas, como reclama o BNG, tena gardada na gaveta disposto a reformala até adaptala aos desexos dos que mandan.

Sr. Presidente: canta forza cos débiles, canta debilidade cos fortes!

O mesmo Sr. Presidente que afirma que, un novo Estatuto de Nación non é prioridade para Galiza. A prioridade di é o combate contra a crise: en realidade nin combate contra a crise nin Estatuto de Primeira.

Hai só uns días o presidente do Goberno galego dicía que a única nación que existe é a nación española, unha nación que seica naceu hai 500 anos.

Curioso que o sr. Feijóo sitúe o nacemento da nación española xusto hai 500 anos, pouco despois de os Reis Católicos lanzaren a operación definida como Doma e Castración de Galiza.

Sei que lles molesta, pero falto á verdade se digo que sostén a mesma ladaíña que o sr. Fraga ou que o Caudillo, deus o teña na súa gloria?

Falto á verdade? Non, Fraga foi ese fino analista que preguntado pola sentenza do TC sobre o Estatut contestou: Viva España! E que tería contestado o Ditador?

Compañeiros e compañeiras

Hai ben pouco, o Tribunal Constitucional ditou sentenza política sobre un Estatut froito do pacto político. Un texto aprobado polo Parlamento catalán e polo Congreso e posteriormente en referendo.

Pretende poñerlle portas ao campo. Pretende negar a soberanía das nacións. Pretende negar unha realidade viva desde hai séculos. Pretende negar que o Estado español ou é

plurinacional ou simplemente non é.

Pretendendo fechar o desenvolvemento do autogoberno reabre un debate de fondo, que se acentuará. Se na Constitución, convertida en momia polo bipartidismo español, non caben as nacións, entón teremos que concluír que simplemente é necesaria outra Constitución. Outro modelo de Estado. Será necesario afirmar que ou ben a soberanía é compartida ou os pobos camiñarán cara á total soberanía.

Unha sentenza á que reaccionou o pobo de Catalunya dando un exemplo de dignidade. Un pobo ao que dende aquí saúdo fraternalmente.

E aínda hai por estas terras quen anda a preguntarse se a dignidade vale para algo. A preguntarse se paga a pena dar debates identitarios. Preguntas inútiles cando a resposta téñena diante: DIGNIDADE, NACIÓN, AUTOGOBERNO son igual a BENESTAR!

Nós non aceptamos o corsé, os límites. Nós non renunciaremos á nación, á lingua, nin ás competencias.

En calquera caso, seguimos dispostos a dar o debate político. A debater sobre o Novo Estatuto que Galiza precisa. Porque o precisa. Convidamos ás demais forzas políticas a que o fagan. Pensando exclusivamente nos intereses de Galiza sen ningún outro condicionante. Nós así o faremos.

Quen teña a tentación de que o novo Estatuto fique adiado. Quen teña a tentación de consolidar a Galiza na segunda división, que o pense. Non só traizoará a este País, senón que terá que explicarllo ao pobo galego. Que o saiban, non contarán coa complicidade nin co silencio do BNG.

Amigas e amigos

O vindeiro ano concorreremos ás eleccións municipais con vontade decidida de gobernar.

Unhas eleccións que se han celebrar nun contexto político e social diferente ao dos últimos anos. Presentarémonos con listas elixidas democraticamente e con programas para transformar positivamente a realidade. Aspiramos a gobernar non para ocupar as poltronas nin para contribuír mimeticamente a aplicar as receitas ditadas en Madrid ou Santiago. Aspiramos a gobernar para mellorar a calidade de vida dos cidadáns/as como xa demostramos alí onde hoxe o facemos.

Somos a alternativa ao PP. Tamén nos Concellos. Ofertamos novas políticas para novos tempos. Fronte á vella política do PP, da especulación urbanística, a política do poder polo poder para servir aos de sempre. A antítese é o BNG como se demostrou en Gondomar onde o PP non dubidou en promover unha moción de censura con tráfugas, sr. Feijóo , tráfugas do PSOE, pero tráfugas, sr. Feijóo.

Compañeiras e compañeiros

Somos conscientes das dificultades, sabemos que polo noso compromiso con Galiza e o seu pobo, contaremos coa hostilidade dos poderes fácticos.

Como dicía Bóveda en 1934

Os plutócratas galegos non son nacionalistas senón polo contrario os máis rabiosos defensores do centralismo e da España absolutista

Dicía tamén en 1935 e eu subscriboo plenamente:

Non demos xa non razóns, máis nin pretextos para que teimen sementar cizaña nas nosas filas.

Xa que logo, conscientes da dificultades, mais tamén conscientes de que o BNG é a esperanza.

Adiquemos pois todos os nosos esforzos a construír esa esperanza.

Como estamos a facer. Con proxecto político claro. Combinando o traballo institucional coa mobilización social.

Con perfil político propio, sen ataduras sen complexos.

Dende o que somos, nacionalistas e de esquerdas.

Compañeiros e compañeiras,

O BNG está aquí, vivo, activo, pegado á realidade, comprometido coa xente do noso País.

Amigos e amigas,

Camiñemos pois con decisión con todos aqueles que queren democracia, autogoberno e benestar social para o noso País.

Camiñemos con firmeza a prol dos dereitos laborais, salariais, dos dereitos dos pensionistas. Tamén apoiando as mobilización do sindicalismo nacionalista e o 29 de setembro A FOLGA XERAL.

Camiñemos con forza cos defensores da sanidade pública,

Camiñemos coa cabeza ergueita cos defensores do idioma e da cultura galega,

Camiñemos con orgullo cos que apoian os dereitos dos pobos do mundo, dos que combaten contra o imperialismo. Como camiñamos con Aminatou Haidar e o pobo sahariano, ou con Palestina fronte á brutal agresión israelí.

Camiñemos con confianza cos que están a prol dun novo estatuto de Nación, a prol da soberanía nacional.

Compañeiras e compañeiros,

Non son tempos de resignación, son tempos de rebelión, tempos de decisión para vencer

as dificultades, son tempos e- permitídemme que recorra a Celaya- “ de tomar partido ate mancharse”.

Como o fixeron millóns de traballadores/as que loitaron por conquistar os dereitos que agora nos queren arrebatat.

Compañeiros e compañeiras,

Alexandre Bóveda, diante do pelotón de fusilamento, entregou a súa vida pensando que pagaba a pena facelo pola nosa nación.

Bóveda deu a súa vida pola Galiza que amaba afervoadamente.

Coa convicción de que non era un acto inútil, coa seguridade de que outros virían a recoller o facho que deixou prendido.

Pois compañeiros e compañeiras,

Ese facho recollémolo nós facendo verdade a esperanza de Bóveda. Recollémolo nós para mantelo aceso. Co mesmo compromiso, coa mesma fe, coa mesma decisión na defensa da nosa Nación, que Alexande Bóveda.

Compañeiros e compañeiras,

Como afirmaba Castelao

Compre crear pola superación das vellas discrepancias e por unha fonda transformación económica e social, a nova Galiza que xa bule nos nosos anceios. Unha Galiza máis limpa, máis culta, máis feliz, máis enxebre, máis digna que a Galiza na que viviron e morreron os nosos mártires.

Apliquémonos á tarefa.

VIVA GALIZA!

VIVA O BNG!

